

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015767	Politécnico de Santiago	Santiago de Compostela	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SEA	Seguridade e medio ambiente	CSSEA04	Química e saúde ambiental	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1547	Educación para a saúde e o ambiente	2022/2023	3	107	107

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ISABEL COSTOYA VÁZQUEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral do título de Técnico Superior en Química e Saúde Ambiental consiste en vivir e controlar os efectos sobre a saúde dos factores de risco ambiental e alimentario, participar na posta en marcha e o desenvolvemento de sistemas de xestión ambiental e intervir en programas de educación para a saúde pública e comunitaria baixo a supervisión, no seu caso, do superior responsable, de acordo cos protocolos establecidos, respectando a normativa de referencia en condicións de calidade e seguridade.

As persoas que obteñen este título exercen a súa actividade principalmente no ámbito sanitario dentro da área da saúde pública ou privada, naqueles sectores produtivos potencialmente contaminadores e na administración nacional, autonómica e local en servizos relacionados coa saúde e/ou o medio ambiente. Poden formar parte de equipos de inspección sanitaria, de laboratorios de análises, centros de investigación, centros universitarios, explotacións agrarias, empresas de servizos de control ambiental. Cando traballan por conta allea, dependen xerárquica e funcionalmente dun superior responsable e colaboran, no seu caso, cos responsables doutros departamentos. Cando traballan no ámbito da saúde, a súa actividade profesional está sometida a regulación pola Administración competente.

As competencias profesionais, persoais e sociais as que contribúe a acadar este módulo son as que se relacionan deseguido:

- c) Promover hábitos saudables nas persoas, participando no desenvolvemento de programas de educación ambiental e promoción de saúde.
- ñ) Organizar e coordinar equipos de traballo con responsabilidade, supervisando o desenvolvemento do mesmo, mantendo relacións fluídas e asumindo o liderado, así como achegando solucións aos conflitos grupais que se presenten.
- o) Comunicarse cos seus iguais, superiores, clientes e persoas baixo a súa responsabilidade, utilizando vías eficaces de comunicación, transmitindo a información ou coñecementos adecuados e respectando a autonomía e competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo.

I

Actualmente a preocupación polos problemas ambientais fai que as Administracións apoiem iniciativas dirixidas á educación ambiental como recurso para concienciar á poboación. Desta maneira xorden pequenas empresas en zonas rurais, que posibilitan a contratación de persoas da contorna. Nesta liña, a rede de espazos naturais protexidos dá lugar a unha interesante oferta de lecer, tempo libre e turismo activo, que precisa de persoal cualificado que coñeza e interprete o medio. Ademais a crecente preocupación pola saúde fai necesario a formación de profesionais para promover a saúde das persoas e a comunidade a través da educación alimentaria, mediante actividades e educación para a saúde.

E, por outra banda, suliñar que o feito de ser membros da Unión Europea, obríganos a ter uns estándares de calidade armonizados coa lexislación da UE, para todos os produtos e materias primas ou manufacturas que produzamos e consumamos aquí.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar as funcións de planificación, programación, control e xestión da calidade de residuos sólidos. Esta función abrangue aspectos como:

- ¿ Inspección e control das fontes de xeración de residuos sólidos.
- ¿ Inspección e control das actividades potencialmente contaminantes do solo.
- ¿ Avaliación do impacto ambiental pola xeración de residuos sólidos.
- ¿ Xestión de residuos sólidos.
- ¿ Seguimento do plan de calidade.
- ¿ Selección das medidas preventivas e correctoras na xeración de residuos sólidos.
- ¿ Selección das medidas preventivas e correctoras na recuperación de solos.
- ¿ Aplicación de programas de control de calidade de residuos sólidos e solos.
- ¿ Aplicación de criterios técnico-legais na toma mostras de residuos sólidos e solos.
- ¿ Análise da calidade dos residuos sólidos.
- ¿ Avaliación do impacto ambiental pola xeración de residuos sólidos.
- ¿ Aplicación das medidas preventivas e correctoras nos procesos de xeración, control e tratamento de residuos sólidos e solos.

- ¿ Selección de técnicas de minimización, recuperación e valorización de residuos sólidos.
- ¿ Elaboración de programas formativos e campañas de información sobre a minimización de residuos sólidos e o impacto da xeración de residuos sólidos sobre a saúde e o ambiente.

As actividades asociadas a esta función aplícanse en:

- ¿ Servizos de inspección e control de solos e plantas de xestión de residuos sólidos con repercusión en saúde ambiental.
- ¿ Plantas de tratamento de residuos sólidos.
- ¿ Laboratorios de control de solos e residuos sólidos.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

- ¿ Aplicación do sistema de xestión de saúde e química ambiental.
- ¿ Técnicas de avaliación de sistemas de control de calidade.
- ¿ Interpretación da normativa e documentación técnica.
- ¿ Realización de toma de mostrás.
- ¿ Realización de análise de control de calidade.
- ¿ Identificación das medidas correctoras na xeración, no tratamento e na xestión de residuos sólidos.
- ¿ Identificación de medidas de prevención e correctoras para a recuperación de solos.
- ¿ Aplicación de técnicas de minimización, recuperación e valoración de residuos sólidos.
- ¿ Aplicación de técnicas de recuperación de solos.
- ¿ Elaboración de informes e rexistros da información xerada.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos do ciclo formativo:

- c) Elaborar programas de educación ambiental e promoción da saúde, analizando os efectos da contaminación ambiental para promover hábitos saudables nas persoas.
- m) Cumprimentar e arquivar os informes e a documentación técnica relacionada, aplicando procedementos normalizados de traballo, para asegurar a trazabilidade.
- n) Analizar e utilizar os recursos e oportunidades de aprendizaxe relacionados coa evolución científica, tecnolóxica e organizativa do sector e as tecnoloxías da información e a comunicación, para manter o espírito de actualización e adaptarse a novas situacións laborais e persoais.
- q) Aplicar estratexias e técnicas de comunicación, adaptándose aos contidos que se van a transmitir, á finalidade e ás características dos receptores, para asegurar a eficacia nos procesos de comunicación.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Saúde pública e sanidade ambiental. Promoción para a saúde.	Nesta unidade trátanse os conceptos de saúde e medio ambiente como introducción ao módulo. Defínense a promoción da saúde e os seus principios.	11	10
2	Epidemioloxía.	Nesta unidade defínense o concepto de epidemioloxía e coñeceranse os factores de risco para a saúde.	11	10
3	Educación para a saúde.	Nesta unidade trátase a diferenza entre promoción e educación para a saúde e describíranse os distintos programas de educación para a saúde	26	24
4	Educación ambiental.	Nesta unidade describíranse cales son os conceptos e metodoloxías en educación ambiental, así como a súa evolución.	26	23
5	Comunicación en educación sanitaria e ambiental.	Nesta unidade describíranse os métodos, técnicas e estilos de comunicación	11	11
6	Técnicas de investigación social	Nesta unidade describíranse as diferentes fontes documentais e métodos e técnicas de recollida de información.	11	11
7	Avaliación de programas de educación sanitaria.	Nesta unidade defínense os obxectivos e funcións, así como os tipos e estratexias na avaliación de programas de educación sanitaria.	11	11

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Saúde pública e sanidade ambiental. Promoción para a saúde.	11

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza actividades de vixilancia epidemiolóxica, tendo en conta a relación entre os riscos ambientais e a saúde das persoas e da comunidade	NO
RA2 - Planifica actividades de educación sanitaria e ambiental en función do grupo diana, seguindo plans e programas de promoción da saúde establecidos	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Enumeráronse os servizos da sanidade ambiental
CA1.2 Analizouse a evolución histórica dos conceptos de saúde e doenza
CA1.3 Analizáronse factores determinantes da saúde cunha especial incidencia en Galicia
CA1.4 Clasificáronse os determinantes de saúde e doenza
CA1.6 Descríbonse as fases da historia natural da doenza e explicáronse os tipos de prevención en saúde pública
CA1.7 Analizouse a Carta de Ottawa e o significado de promoción da saúde
CA1.14 Utilizouse a terminoloxía básica relacionada coa saúde pública, a promoción e a educación para a saúde
CA1.16 Analizouse a Rede galega de vixilancia en saúde pública
CA2.1 Diferenciouse entre promoción da saúde e prevención da doenza
CA2.5 Identificáronse os factores ambientais e os problemas de saúde para tratar en distintos contextos

4.1.e) Contidos

Contidos
Saúde pública e sanidade ambiental.
Evolución histórica de saúde e doenza.
Determinantes da saúde e da doenza. Informe Lalonde.
Factores determinantes da saúde con especial incidencia en Galicia.
Fases da historia natural da doenza. Niveis de prevención: primaria, secundaria e terciaria.
Promoción da saúde. Carta de Ottawa.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Epidemioloxía.	11

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza actividades de vixilancia epidemiolóxica, tendo en conta a relación entre os riscos ambientais e a saúde das persoas e da comunidade	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.5 Descríbense os indicadores xerais do nivel de saúde da poboación
CA1.8 Enumeráronse os factores de risco ambientais que inciden sobre a saúde
CA1.9 Diferenciáronse risco sinérxico, competitivo, relativo e absoluto
CA1.10 Descríbense os principais factores de risco relacionados con estados fisiopatolóxicos especiais
CA1.11 Identificáronse as características da epidemioloxía ambiental e describiuse o método epidemiolóxico
CA1.12 Explicáronse os principais modelos de causalidade epidemiolóxica
CA1.13 Consultáronse estudos epidemiolóxicos relacionados cos problemas de saúde de etioloxía ambiental
CA1.15 Enumeráronse os principais sistemas de información utilizados nunha rede de vixilancia epidemiolóxica

4.2.e) Contidos

Contidos
0Epidemioloxía ambiental. Método epidemiolóxico. Modelos de causalidade epidemiolóxica (tríade ecolóxica e cadea epidemiolóxica). Variables epidemiolóxicas. Rede de vixilancia epidemiolóxica. Notificación das doenzas e dos brotes epidémicos. Doenzas de declaración obrigatoria. Boletíns epidemiolóxicos. Emerxencias ambientais e sanitarias. Vixilancia internacional: OMS e Regulamento sanitario internacional. Rede galega de vixilancia en saúde pública. Indicadores xerais do nivel de saúde e características sociosanitarias da poboación. Incidencia e prevalencia. Factores de risco ambiental e saúde. Características dos factores de risco. Riscos sinérxicos e competitivos. Relación entre risco relativo e risco absoluto. Factores de risco relacionados con estados fisiopatolóxicos especiais.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Educación para a saúde.	26

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Planifica actividades de educación sanitaria e ambiental en función do grupo diana, seguindo plans e programas de promoción da saúde establecidos	NO
RA3 - Prepara a información para transmitir sobre os problemas de saúde relacionados co ambiente, e selecciona os contidos en función do grupo diana	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.2 Identifícanse as características dos plans e dos programas de saúde, tendo en conta a incidencia sobre a saúde dos padróns culturais e da alimentación en Galicia
CA2.3 Defínense as prioridades e os obxectivos nun plan ou programa de educación para a saúde
CA2.4 Descríbense as fases na planificación e no deseño de actividades de educación sanitaria
CA2.10 Propúxéronse actividades educativas adaptadas ás características do grupo, para modificar os seus comportamentos
CA2.11 Analizouse o concepto de educación para a sustentabilidade e describíronse os obxectivos de desenvolvemento sustentable
CA2.13 Caracterizáronse os modelos e os sistemas de consumo
CA2.14 Realizáronse propostas para un consumo responsable
CA3.4 Seleccionouse e adaptouse a información segundo o grupo receptor
CA3.5 Organizáronse os contidos das actividades sobre hábitos e condutas non saudables e sobre pautas de comportamento
CA3.6 Secuenciáronse e temporalizáronse as actividades sobre hábitos e condutas non saudables e sobre pautas de comportamento
CA3.7 Identifícanse os recursos necesarios para o desenvolvemento das actividades sobre hábitos e condutas non saudables e sobre pautas de comportamento
CA3.10 Seleccionáronse recursos didácticos en función de cada actividade de promoción e educación para a saúde e do contorno próximo

4.3.e) Contidos

Contidos
Plans e programas de promoción da saúde: principios e obxectivos. Diferenza entre promoción da saúde e prevención da doenza. Ámbitos de actuación. Metodoloxía e estratexias.
Educación para a saúde: obxectivos e contidos. Áreas de aplicación. Hábitos e condutas non saudables; modificación dos comportamentos. Incidencia sobre a saúde dos padróns culturais e a alimentación en Galicia.
Instrumentos e estratexias en actividades de educación e promoción da saúde. Formulación de obxectivos. Deseño e secuenciación de actividades. Recursos.
Modelos e sistemas de consumo. Educación para o consumo responsable.
Tecnoloxías na educación sanitaria.
Recursos didácticos en actividades de promoción e educación para a saúde: internet, medios audiovisuais e posibilidades do contorno próximo (análise, valor e puntos de interese).

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Educación ambiental.	26

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Planifica actividades de educación sanitaria e ambiental en función do grupo diana, seguindo plans e programas de promoción da saúde establecidos	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.12 Identificáronse os principais problemas ambientais de Galicia
CA2.13 Caracterizáronse os modelos e os sistemas de consumo
CA2.14 Realizáronse propostas para un consumo responsable

4.4.e) Contidos

Contidos
Educación ambiental e desenvolvemento sustentable: principios básicos, fins e obxectivos. Educación para a sustentabilidade. Principais problemas ambientais de Galicia.
Modelos e sistemas de consumo. Educación para o consumo responsable.
Secuencia e temporalización das actividades sobre hábitos e condutas non saudables e sobre pautas de comportamento.
Recursos humanos e materiais para o desenvolvemento das actividades sobre hábitos e condutas non saudables e sobre pautas de comportamento.
Elaboración de material de traballo para o desenvolvemento das actividades sobre hábitos e condutas non saudables e sobre pautas de comportamento.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Comunicación en educación sanitaria e ambiental.	11

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Planifica actividades de educación sanitaria e ambiental en función do grupo diana, seguindo plans e programas de promoción da saúde establecidos	NO
RA3 - Prepara a información para transmitir sobre os problemas de saúde relacionados co ambiente, e selecciona os contidos en función do grupo diana	NO
RA4 - Selecciona técnicas de comunicación e adáptaaas ás características do grupo ao que se dirixen as actividades de promoción da saúde	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.9 Determinouse o nivel de formación e motivación do grupo
CA3.3 Analizáronse as dificultades de comprensión dos coñecementos que se vaian transmitir
CA3.9 Utilizáronse técnicas de animación e dinámica de grupos para difundir os coñecementos en materia de saúde ambiental
CA4.1 Definíronse as características da información para transmitir nas actividades de promoción da saúde
CA4.2 Definíronse as características do asesoramento nas actividades de promoción da saúde
CA4.3 Descríbóronse as técnicas de comunicación, as súas fases e os seus requisitos
CA4.4 Analizáronse os tipos de linguaxe e as estratexias para unha boa comunicación, e describíronse os factores que facilitan esa comunicación
CA4.5 Establecéronse as diferenzas entre as canles comunicativas e os tipos de comunicación
CA4.6 Utilizáronse técnicas de motivación e reforzo en distintas situacións
CA4.7 Aplicáronse técnicas de comunicación adaptadas aos contidos que cumpra transmitir, á súa finalidade e ás características das persoas receptoras, para asegurar a eficacia do proceso
CA4.8 Identificáronse técnicas de modificación de comportamento no ámbito da promoción da saúde
CA4.9 Informouse de xeito claro, correcto e adaptado a diferentes situacións

4.5.e) Contidos

Contidos
Contidos para a prevención dos problemas de saúde asociados aos riscos ambientais: obxectivos, tipo e características da información para transmitir ou da formación para levar a cabo. Adaptación de contidos a distintos grupos receptores: identificación de dificultades.
Técnicas de grupo aplicadas á educación sanitaria: conferencia, traballo en grupo, comisións de traballo, seminarios e estudo de casos.
Características da información en actividades de promoción da saúde.
Técnicas de modificación da conduta aplicadas á educación para a saúde.
Características do asesoramento en actividades de promoción da saúde.

Contidos

Información e comunicación. Elementos que constitúen a comunicación. Tipos de comunicación. Canles de comunicación específicas para cada situación. Barreiras, interferencias e distorsións na comunicación.

Técnicas de comunicación e de información. Comunicación verbal e non verbal. Fases da comunicación. Métodos e formas de transmisión de información. Técnicas de expresión oral, escrita e plástica. Factores que facilitan a comunicación interpersonal (nivel cognitivo, nivel actitudinal e nivel condutual).

Habilidades necesarias para a comunicación.

Interferencias na comunicación.

Motivación. Teorías da motivación. Motivación e xerarquía de necesidades. Factores que favorecen a motivación.

Técnicas e estratexias de motivación e reforzo.

Técnicas de animación e dinámica de grupo aplicadas á educación para a saúde en función do colectivo receptor.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Técnicas de investigación social	11

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Planifica actividades de educación sanitaria e ambiental en función do grupo diana, seguindo plans e programas de promoción da saúde establecidos	NO
RA3 - Prepara a información para transmitir sobre os problemas de saúde relacionados co ambiente, e selecciona os contidos en función do grupo diana	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.6 Deseñáronse instrumentos para obter información sobre saúde e doenza de persoas e colectivos, e programáronse as fases de aplicación de entrevistas, enquisas e cuestionarios, de acordo co tamaño da mostra e co tempo previsto
CA2.7 Seleccionáronse as fontes documentais de apoio segundo o tipo e as características do estudo que cumpra realizar
CA2.8 Caracterizouse o grupo diana e identificáronse hábitos e condutas non saudables
CA3.1 Identificáronse as características do grupo diana
CA3.2 Descríbense os obxectivos da información que cumpra transmitir
CA3.8 Elaboráronse materiais de traballo en función do grupo diana

4.6.e) Contidos

Contidos
Estudo do grupo diana: criterios de selección e establecemento dunha mostra.
Fontes de información e documentación. Métodos e técnicas de recollida de información en promoción da saúde e educación sanitaria e ambiental: entrevistas, cuestionarios e enquisas de saúde (ENSE e OMS). Centros de recursos de información e documentación ambiental (bases de datos e fondos documentais).
Características e identificación do grupo. Fontes documentais. Selección e baleiramento da información significativa.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Avaliación de programas de educación sanitaria.	11

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Aplica técnicas de avaliación de programas de educación sanitaria, tendo en conta a relación entre os obxectivos e os resultados obtidos	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Seleccionáronse os obxectivos do programa ou da actividade de educación sanitaria
CA5.2 Formuláronse criterios para avaliar a consecución dos obxectivos do programa ou da actividade de educación sanitaria
CA5.3 Determináronse os aspectos do programa ou da actividade de educación sanitaria que deben ser avaliados
CA5.4 Seleccionáronse ou, de ser o caso, deseñáronse instrumentos para a avaliación de actividades de educación sanitaria
CA5.5 Utilizáronse os instrumentos para a avaliación das actividades desenvolvidas no programa de educación sanitaria
CA5.6 Analizáronse e interpretáronse os resultados do programa de educación sanitaria
CA5.7 Elaboráronse informes dos resultados do programa de educación sanitaria
CA5.8 Establecéronse medidas correctoras e de reforzo para casos en que non se consigan os obxectivos previstos
CA5.9 Xustificouse a importancia da avaliación de resultados na aplicación de programas de educación sanitaria

4.7.e) Contidos

Contidos
Obxectivos e funcións da avaliación de programas de educación sanitaria.
Tipos de avaliación de programas de educación sanitaria. Características.
Criterios de avaliación de programas de educación sanitaria.
Procedementos e estratexias de avaliación de actividades de educación sanitaria.
Técnicas e instrumentos de investigación e avaliación dos programas de educación sanitaria.
Rexistro, análise e interpretación dos resultados dos programas de educación sanitaria: cambios nos hábitos da poboación. Elaboración de informes dos resultados.
Medidas correctoras e de reforzo.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS ESIXIBLES

Ademáis do referido no apartado 4C desta programación, será necesario cumprir cos seguintes mínimos esixibles para acadar a avaliación positiva do módulo:

1. Realiza de cambios de unidades de magnitudes físicas e formas de expresar a concentración química.
2. Prepara os equipamentos para a realización das actividades prácticas descritas nesta programación.
3. Identifica e manexa con solvencia o equipamento requirido para a realización da mostraxe.
4. Resolve problemas e supostos prácticos relativos os contidos teóricos recollidos en cada unidade didáctica desta programación.
5. Aplica das normas de calidade, de prevención de riscos e de protección ambiental.
6. Actúa con limpeza, autonomía e actitude metódica na realización das tarefas.
7. Realiza máis do 80% das actividades prácticas.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Coa finalidade de avaliar o alumnado, emitírase unha cualificación trimestral para o informe de avaliación correspondente, que será a media ponderada das cualificacións obtidas o longo do trimestre, de acordo coas seguintes proporcións:

Probas obxectivas escritas: (55% da nota global):

- a) De resposta curta
- b) De escoller unha resposta entre varias
- c) De unir con frecha
- d) De sinalar verdadeiro ou falso, coa opción de formular correctamente os enunciados falsos
- e) Resolución de problemas
- f) Para aprobar a proba escrita será preciso sacar un 4 tanto na parte correspondente á parte de teoría coma na de supostos prácticos ou problemas.

Traballo de Aula: (45% da nota global):

- a) Realización de traballos.
- b) Proba práctica, na que o alumnado debe realizar unha ou varias prácticas de laboratorio e/ou resolver supostos prácticos propostos polo profesor e que serán de diferente nivel de dificultade.
- c) Cumprimento dos seguintes puntos:
 - ¿ atención, participación e empatía co grupo;
 - ¿ organizar e limpar o material e a área de actividade;
 - ¿ comunicación e trato fluído co grupo de traballo e co profesor;
 - ¿ aplicar as normas de seguridade e saúde laboral.
 - ¿ interpretación da normativa e da bibliografía axeitada á práctica e/ou problemas que se planeen;
 - ¿ organizar o traballo establecendo a secuencia e a prioridade das tarefas;
 - ¿ calibrar e preparar os equipamentos seguindo as instrucións e manuais;

¿ realizar os cálculos e interpretar os resultados.

NOTAS ACLARATORIAS:

As notas da proba escrita e o exame práctico, farán media a partir de 4 sobre 10.

Os exames que non teñan parte práctica e/ ou traballos, a súa porcentaxe da nota global acumularase á proba escrita.

O exame de recuperación consistirá na realización dunha proba teórico - práctica. Ademais, é obrigatoria a entrega dos traballos pendentes de cada avaliación para a súa recuperación.

No boletín de notas, a nota da terceira avaliación será, tal e como se indica na normativa dos CIFP, da seguinte forma

¿ Alumnos que xa aprobaron todo: a nota que aparece no boletín será a media correspondente aos 3 trimestres, coas notas que aparecen reflexadas no caderno de aula do profesor, é dicir, cos decimais correspondentes, e coincidirá coa nota final.

¿ Alumnos que teñen algunha parte suspensa: nota do 1 ó 4, será indicativo de que teñen que facer algún tipo de recuperación no período de recuperación de xuño, daquelas partes que teña suspensas.

¿ No caso de acordar que a recuperación sexa por exame ou avaliación, a cualificación nas devanditas probas será Recupera (nota exame) /Non Recupera (nota exame)

No caso de que algún alumno/a esté confinado por situacións derivadas do COVID e non poida realizar algunha proba escrita ou exame práctico de maneira presencial, farase de xeito oral telematicamente a través da plataforma Webex.

CRITERIOS DE CORRECCIÓN

Nas preguntas test:

Para que sexa correcta, a opción elixida deberá ser xustificada brevemente

Nas preguntas curtas (ou longas, no seu caso):

- a) a nota será proporcional a explicación correcta e completa da cuestión formulada,
- b) se na resposta figuran afirmacións que non teñen que ver co que se pregunta e/ou indican erros graves de concepto, a puntuación será 0.

Nos problemas podemos atopar varias situacións:

- a) problemas resoltos correctamente, a puntuación será a máxima
- b) problemas ben planeados con erros de cálculo que non supoñan erro grave de concepto, descontarase un 50 % da puntuación total do exercicio;
- c) problemas ben planeados con erros de cálculo que supoñan erro grave de concepto puntuaranse cun 0.
- d) problemas ben resoltos sen as unidades correspondentes descontarase un 20% da puntuación total do exercicio.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

A recuperación enténdese non só como exame de recuperación, senón como actividade de recuperación; é unha parte máis do proceso de ensinanza-aprendizaxe e iníciase en canto se detecta a deficiencia n@alumn@, no seguimento da súa evolución, realizando con él/ela actividades complementarias de reforzo e apoiando aqueles puntos donde ten dificultades. Si, aínda así, @alumn@ non supera a avaliación, programaranse actividades de recuperación que terán por obxecto orientar e redirixir a aprendizaxe destes alumnos, permitíndolle subsanar as súas carencias de aprendizaxe.

As actividades de recuperación serán semellantes ás actividades propostas nas distintas unidades, e sempre programadas de menos a máis dificultade.

En canto ós exames de recuperación, contéplanse dúas posibilidades:

- Recuperación de cada avaliación suspensa ó remate da mesma.
- Recuperación de cada avaliación suspensa en xuño ou recuperación do módulo (para alumn@s que teñen suspensas dúas das tres avaliacións ou as tres)

O exame de recuperación (nos dous casos) consistirá na realización dunha proba teórico - práctica. Ademais, é obrigatoria a entrega dos traballos pendentes de cada avaliación para a súa recuperación.

Por outro lado, o Proxecto Curricular do Ciclo establece que módulos poden ser obxecto de avaliación en convocatoria extraordinaria. No seu caso, informarase ó alumnado das actividades de recuperación programadas, do seu período de realización e das datas nas que se celebrarán as probas correspondentes de avaliación extraordinaria

Actividades de recuperación que poidan ser realizables autónoma polo alumno/a.

Cada unidade de traballo vai acompañada dun boletín de cuestións e exercicios numéricos, no seu caso, sobre os contidos da mesma. O repaso dos citados boletíns constitúe unha boa axuda para a recuperación. A maiores a profesora elaborará boletíns de reforzo para repasar tanto os contidos teóricos coma as cuestións prácticas.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Neste módulo prodúcese a perda do dereito á avaliación continua por falla de asistencia a 10,7 horas de clase (10% do total), o que supón unhas 11 sesións. Despois de que o alumno teña constancia da súa nova situación, comunicaráselle por escrito qué contidos debe traballar para acadar os obxectivos do módulo.

Ademais o alumnado con PA terá dereito a asistir as actividades de recuperación previstas para este módulo, tal como establece a Resolución do 4 de agosto do 2016 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa.

Nunha data publicada no taboeiro de anuncios do departamento, someterase a unha proba extraordinaria previa a avaliación final, tal como establece o artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011 para avaliar a adquisición dos resultados de aprendizaxe:

1. Probas obxectiva escrita: 60% da calificación total.

- contidos teóricos: 40%.

- contidos prácticos: 20 %.

No caso de non obter un mínimo de 4 puntos na parte teórica o alumnado xa non realizaría o a parte práctica do mesmo.

2. Proba práctica:30% da calificación total

-A proba práctica consistirá en varios supostos prácticos a realizar no laboratorio, baseados nas prácticas desenvolvidas ó longo do curso.

-A parte práctica realizarase en varias sesións, donde o alumno deberá demostrar os coñecementos e destrezas en diversas actividades pertencentes ó currículo do título.

3. Presentar un traballo sobre un proxecto de educación ambiental e para a saúde: 10% da calificación total.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Realizarase mensualmente unha análise do seguimento da programación na aplicación informática implantada para tal fin. Este seguimento será supervisado polo xefe de departamento, segundo indica o procedemento. No seguimento detállaranse as razóns no desvío do cumprimento da programación, coa fin de corrixir as posibles carencias ou axustar en cursos sucesivos, a programación a situación real.

No seguimento mensual avaliarase a programación desenvolvida nese período e sinalaranse aquelas actividades que non se poideron realizar e as

súas causas; asemade as melloras e trocos que se deberían acometer para mellorar a citada programación.

No remate do curso pasaraselle unha enquisa ó alumnado para coñecer o seu grao de satisfacción, os puntos positivos e as suxestións para posibles melloras da programación o módulo.

Ao final do curso farase unha avaliación sumativa na que se valore o axuste de todos os elementos curriculares propostos nesta programación: obxectivos, contidos, metodoloxía, avaliación,... As conclusións desta avaliación final recolleranse nun documento que formará parte da memoria do ciclo.

A avaliación da práctica docente terá en conta dous aspectos:

- A análise persoal e con sentido crítico da marcha do curso, os resultados académicos..., comprobando se o alumnado entende e asimila os conceptos estudados.

-A opinión do alumnado, a través dunha enquisa a fin de curso, para valorar a opinión do alumnado.

O seguimento e a avaliación será realizada polo profesor do Módulo e nas súas conclusións terá en conta a valoración feita polo propio alumnado.

Os obxectivos desta avaliación son comprobar a eficacia e a validez desta proposta curricular, así como propoñer modificacións de mellora de cara ao vindeiro curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realizarase unha avaliación inicial, sen cualificación para o alumnado, para coñecer o dominio de ferramentas e conceptos básicos en saúde, medio ambiente e técnicas de comunicación para así saber con que nivel comezar a traballar a materia.

En cada unidade, na presentación da mesma, tamén se farán preguntas para saber cal é a base que teñen os alumnos ou qué erros de concepto teñen.

Coa avaliación inicial trátase de establecer os coñecementos previos d@ alumn@, así como as súas actitudes, capacidades e, incluso, motivación. Esta avaliación inicial farase realizando preguntas curtas sobre unidades, cálculo elemental, ferramentas imprescindibles para realizar os cálculos requeridos nos exercicios e casos prácticos; e que permiten acadar os obxectivos mínimos do módulo.

Asemade a avaliación inicial permitirá ó docente descubrir os coñecementos previos do alumnado sobre o medio ambiente, a saúde e técnicas de comunicación ademási do uso das ferramentas informáticas para poder suplir as carencias que se detecten nestes aspectos.

Outro aspecto importante relativo a avaliación inicial é que permite descubrir posibles necesidades de atención específica no alumnado, o que permite deseñar medidas de reforzo educativo e medidas de atención a diversidade.

A enquisa de avaliación inicial realizada no centro dende o departamento de orientación, no marco do sistema de control da calidade do centro, constitúe unha ferramenta fundamental que contribúe a descubrir posibles necesidades de atención específica no alumnado, o que permite deseñar medidas de reforzo educativo e medidas de atención a diversidade.

Asemade as reunións mensuais de equipo docente permite facer o seguimento do grupo no seu conxunto e de cada alumn@, en particular, coa fin de deseñar estratexias para mellorar o ensino e aprendizaxe do alumnado.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

De acordo co artigo 61 do decreto 114/2010 do 1 de xullo e o artigo 15 da Orde do 12 de xullo de 2011, o alumnado con necesidades educativas especiais, con arranxo a o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de modo fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta da establecida con carácter xeral, estáo poderá ser levado a cabo en función dos datos obtido na avaliación inicial e informes asociados e sempre coa colaboración do Departamento de Orientación Educativa e Inspección Educativa.

Adaptación aos ritmos e tempos tanto do grupo como individuais, axustando a temporalización das unidades de traballo.

Ter en conta os intereses do alumnado sen perder de vista a funcionalidade das aprendizaxes.

Crear un ambiente de traballo cooperativo, de axuda mutua, un grupo de traballo colaborativo que integre a alumnas/os con diversidade de intereses, motivacións e capacidades.

Propoñer diversas actividades diferenciadas en grao de dificultade e complexidade para traballar o mesmo contido.

A atención a diversidade e a vía que permite individualizar, dentro do posible, o proceso de ensinanza e aprendizaxe, para eso aplicaranse as seguintes medidas:

- Adaptaránse a forma de enfocar ou presentar os contidos e actividades en función dos distintos graos de coñecementos previos detectados n@s alumn@s e dos seus diferentes graos de autonomía. - Farase a previsión dun número suficiente de actividades para cada un dos contidos considerados fundamentais, con distinto nivel de

complexidade, de maneira que poidan traballar eses contidos con esixencias distintas. Prepararanse tamén actividades referidas a contidos non fundamentais, complementarios ou de ampliación, para aqueles alumn@s que poidan avanzar máis rapidamente ou que o fan con menos necesidade de axuda e que, en calquera dos casos, poden afondar en contidos a través dun traballo máis autónomo.

Ante a posibilidade da presenza de alumn@s no CS de Química e saúde ambiental con algún tipo de necesidade educativa especial, como por exemplo unha discapacidade física, acordarase entre o profesorado do ciclo e o Departamento de Orientación do centro o protocolo de actuación en función de cada alumno e de cada minusvalía. En calquera caso, no módulo de Educación para a saúde e o ambiente, estableceranse as adaptacións posibles de tempo, espazo e medios para que @s alumn@s con discapacidades gocen de similares oportunidades á hora de realizar as actividades e os exames que o resto dos compañeiros.

- No caso de alumnado con déficit de atención, alternaranse con máis frecuencia o ensino dos contidos teóricos e a realización de prácticas; coa fin de dinamizar o proceso de ensino-aprendizaxe. Incrementaranse o número de actividades na aula virtual e proporase a realización de probas máis curtas, tanto escritas como prácticas. Asemade, realizaranse ensaios curtos antes das explicacións teóricas, relacionadas cos contidos a estudar, coa fin de espertar o interés do alumnado. Buscarase unha maior participación de este alumnado mediante a proposta de traballos nos que sexa necesaria a busca de información sobre determinados contidos, mediante o uso de ferramentas TIC.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

a) Aseguramento da calidade

-Os alumnos teñen que acostumarse ós elementos dun programa de aseguramento da calidade. Para eso é necesario, entre outras cousas:

>Dispoñer dos PNT descritos con precisión .

>Que todos os métodos, procedementos e protocolos estean dispoñibles baixo forma de instrucións escritas e na forma na que se teñen que aplicar. No caso de que se baseen en normas, deben facer referencia a esas normas.

>Para o tratamento de datos, todos os procedementos para a lectura, rexistro e tratamento de dato deben estar escritos.

b) Seguridade e hixiene no traballo e coidado medioambiental

>Manipular as mostras en atmósferas ou entornos estériles para evitar posibles contaminacións de mostras e das persoas.

>Utilizar os EPI axeitados a cada situación de risco.

>Coñecer a situación e manexo de extintores, duchas e fontes lavaollos, mantas ignífugas presentes no laboratorio.

>Minimizar a produción de residuos.

>Recollida selectiva dos residuos xerados.

c) Fomento do traballo en equipo.

>Entender que a función de cada participante nun grupo é fundamental para a conclusión exitosa das tarefas encomendadas a dito grupo.

>A vaga de colaboración perxudica o grupo, pero tamén empobrece a quen a practica.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Se o estado da emerxencia sanitaria o permitira, faranse visitas a laboratorios das empresas do entorno abarcando distintos sectores productivos. Estas visitas, que se pretende levar a cabo ó longo do curso, por un lado serven de enlace co entorno laboral e profesional futuro do alumnado e, por outro, son un complemento das actividades puramente lectivas reforzando os contidos impartidos no centro de ensino.

Asistencia ás posibles actividades extraescolares que se poidan realizar desde o departamento /ou o centro: conferencias, foros, visitas didácticas, webinarios etc.

10.Outros apartados

10.1) Cuestionario avaliación inicial

Realizarase un cuestionario de avaliación inicial, no que se incluírán preguntas curtas sobre saúde, ambiente, técnicas de comunicación e uso das ferramentas informáticas. Coa finalidade de coñecer as necesidades do alumnado sobre reforzo educativo e atención a diversidade.

10.2) COVID

En situacións de confinamento parcial debido a situacións derivadas do COVID dalgúns alumno/s ou alumna/s do grupo, o desenvolvemento das clases realizaranse simultaneamente no centro educativo e virtualmente para o alumnado confinado.

10.3) Bibliografía

- Promoción de la salud. Pérez Arias, María Jesús · García Sánchez, María José. Editorial Síntesis, S.A. (2019) ISBN: 9788491712879
- Técnicas de educación e interpretación ambiental. Llorca Navasquillo, Federico · Gómez García, José Antonio · Mansergas López, Francisco J. Editorial Síntesis, S.A. (2015) ISBN: 9788490771167